

## NAONIMIA GALEGA. DENOMINACIÓN DOS BARCOS DE PESCA REXISTRADOS EN VIGO DESDE 1876

Isabel Acea Méndez

### Introdución

En Galicia, comunidade autótona con 1.195 km de costa e 87 instalacións portuarias, o mar tivo, tradicionalmente, unha gran relevancia como recurso económico e vía de comunicación; de feito, Galicia constitúe unha das áreas máis produtivas e ricas do mundo, e o sector pesqueiro converteuse nun dos máis importantes piares da economía galega. Concretamente, o porto de Vigo é o máis importante de Europa en capturas de peixe e figura entre os primeiros do Estado en tráfico comercial de mercadorías. Ademais, a flota pesqueira —a máis representativa da flota galega e obxecto deste estudo— rexistrada neste porto destaca pola súa variedade, ó conviviren un sector pesqueiro industrial de grandes unidades de pesca transoceánica —coma os buques de altura e gran altura (atuneiros conxeladores, palangreiros de superficie, bacallaeiros, arrastreiros conxeladores, etc), cun alto grao de especialización produtiva, gran tonelaxe e tecnoloxía elevada— e un sector artesanal formado por pequenas embarcacións de pesca costeira (barcos palangreiros, naseiros, marisqueiros, de cerco, de arrastre de fondo, de arrastre de vara e auxiliares), que faenan con artes tradicionais, como o arrastre de fondo, o palangre, o enmalle, o cerco ou as nasas. Cómpre salientar que o 80% da flota pesqueira galega ten menos de 100 TRB e que a embarcación media é duns 12 m de eslora e unhas 30 TRB, polo que o groso do material recollido para realizar este traballo se corresponde cunha unidade de pesca tradicional. Curiosamente, os nomes destas embarcacións máis pequenas, propiedade normalmente de pequenos armadores, caracterízanse pola súa variedade e orixinalidade, ó dominar nelas o elemento persoal, achegado moitas veces ó ámbito popular —de aí, o ton afectivo, cómico, arrogante, desafiante ou coloquial de moitos deles—, fronte ós grandes buques, propiedade sobre todo de empresas armadoras, que adoitan agruparse en series corporativas, normalmente con fins identificativos e sen licenzas para o subxectivismo ou a hilaridade.

Isabel Acea Méndez

Ó longo da nosa singradura polos libros de rexistro da Provincia Marítima de Vigo asistimos á consolidación do crecemento dun porto que se habería converter no maior e máis dinámico porto pesqueiro europeo, cunha flota abondosa e importantes estaleiros e fábricas de conservas. Comezamos o noso percorrido no ano 1876, pois non resulta posible dispor de material anterior a esta data. Nesta altura, os empresarios de orixe catalana xa levaban un século explotando a captura da sardiña en augas costeiras; asentaran as artes de arrastre e crearan a industria da salga, que se substituiría máis tarde pola conserveira. Para fornecer a crecente demanda, os conserveiros introducen a traíeira en 1897 e, posteriormente, para competir cos barcos a remo, xeneralízase a vaporización da flota sardiñeira. Nos estaleiros Barreras comezan a construírse pequenos botes sardiñeiros con sinxelos motores a vapor, que evolucionarían cara ó chamado «vapor tipo Vigo» –permitía andar ó palangre, ó cerco e ó arrastre en parella–, que axiña se espallou por todo o litoral español e norte de África; mesmo foi adoptado polos aliados na I Guerra Mundial como dragaminas. O primeiro rexistrado en Vigo foi o *Vapor María* (1877), pero xa en 1920 tiñan a súa base en Bouzas 331 embarcacións deste tipo. Neste anos expórtanse grandes cantidades de conservas a Francia, Italia e América, pero, debido á falta de capturas en augas galegas, ten lugar a primeira diáspora da pesca galega; moitos barcos son vendidos, pero a maioría dirixíronse cara a portos máis achegados ós novos caladoiros, sobre todo no Cantábrico, Mediterráneo e norte de África, co obxecto de minimizar os custos de desprazamento. De feito, a maioría das parellas que faenaban nos caladoiros norteafricanos e canario-saharianos eran de matrícula galega pero tiñan como base temporal os portos de Las Palmas, Huelva, Cádiz ou Málaga; esta brusca caída que experimentou daquela a flota pesqueira inscrita en Vigo reflíctese, lóxicamente, nos rexistros que analizamos.

Na década dos vinte, incíase así mesmo a motorización da flota e comeza a pesca no Gran Sol e no Mar Céltico, ó tempo que se desenvolve a pesca con parellas en Terranova, Groenlandia e Labrador. Nos anos corenta inaugúrase a máis moderna conserveira do mundo, Massó, e dúas décadas máis tarde desenvólvese a infraestrutura frigorífica viguesa con Pescanova á cabeza, a primeira multinacional galega, e incíanse as pesqueirías de gran altura cunha destacada flota de arrasteiros conxeladores. Deste xeito, o porto de Vigo foi pioneiro na pesca en caladoiros afastados, na conxelación a bordo e na comercialización do peixe conxelado.

Todo isto xustifica que escollésemos o rexistro de buques pesqueiros (3ª lista) de Vigo como caladoiro de datos para o noso estudo. Á parte de recoller os nomes dos barcos –incluídos os cambios de nome, cando se especifican–, anotamos o ano de inscrición, o tipo de embarcación –tanto as tradicionais (chalana, gamela, bote, lancha, falucho, dorna, patache, trincado, galeón, buceta, balandra, gabarra, traíeira, vapor, etc) coma os buques conxeladores ou os bacallaeiros–, o seu arqueo e o nome do propietario. Con estes datos tentábase buscar qué tipos de tendencias podían determinar a escolla por parte dos armadores dun ou doutro nome, qué vinculación podería existir entre a naonimia e o modelo de barco, a tonelaxe, a etapa histórica, etc. De tódolos xeitos, cómpre salientar que os *Libros da Terceira Lista*, gardados na

*Naonimia galega. Denominación dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876*

Capitanía Marítima de Vigo, non son un reflexo fiel da flota real existente en cada momento debido a diversos factores: por un lado, á diáspora de comezos dos anos vinte que fixo que moitos barcos tivesen que emigrar; e, por outro lado, ó costume de moitos armadores de fóra de Galicia –fundamentalmente de Cantabria, Huelva, Cádiz, Bilbao ou Las Palmas– de rexistraren os seus buques en Vigo porque nesta cidade estaba o estaleiro ó que se lle encargou a súa construción.

Como complemento ós libros de rexistro, para a elaboración deste traballo tamén se empregaron outros censos de flota pesqueira máis recente tanto galega (*Censo da flota pesqueira galega*; listado de barcos pesqueiros galegos proporcionado pola Consellería de Pesca, Acuicultura e Marisqueo da Xunta de Galicia), coma nacional (*Lista oficial de buques, La flota española de buques* e censos actualizados de buques por modalidades de pesca, publicados no BOE). Con respecto á documentación medieval, estudouse o material gardado no Museo Provincial de Pontevedra e no Arquivo Histórico Provincial referido ó Gremio de mareantes, incluídas as coleccións de Xosé Filgueira Valverde e Xosé Armas Castro, así como o material adicional que se cita na bibliografía.

Antes de comezar o noso estudo cómpre facer un breve repaso da lexislación en materia de pesca e rexistro de buques porque, como todo, tamén foi mudando co paso dos anos. En 1748 o Ministerio de Maríña faise cargo, en exclusiva, dos asuntos da pesca coa publicación das *Ordenanzas Generales de la Armada*; dez anos despois publícanse as *Ordenanzas de Pesca para la provincia marítima de Pontevedra* e en 1802 inaugúrase o primeiro rexistro de creación de buques.

Nun edicto (20/8/1856) do *Gremio de mareantes* de Pontevedra recóllense as seguintes ordenanzas sobre matriculación:

Toda embarcación mayor o menor de tráfico, de pesca o de recreo, ha de ser precisamente matriculada: llevará su nombre en la proa y su número en la popa y en el velamen para que sea conocida<sup>1</sup>.

Con todo, na actualidade, os barcos pesqueiros deben levar o nome escrito en cada unha das amuras e na popa (6/10/1915 R.O.), e as letras deben ter unha cor que contraste co fondo, brancas ou amarelas nos cascos pintados de escuro e negras nos cascos pintados de claro, para que poidan verse con claridade tanto desde o mar como desde o aire. Ademais, para estaren amparados pola lexislación española, todos os barcos deben estar matriculados nun dos rexistros de matrícula de buques das xefaturas provinciais da Maríña Mercante, que son públicos e de carácter administrativo. Tamén lle corresponde á Dirección Xeral da Maríña Mercante (3/10/1980 R.D.) a aprobación do nome, que debe axustarse a tres criterios (28/7/1989 R.D. 1027/1989):

- 1º Que o nome proposto –deben proporse tres nomes por orde de preferencia, facendo constar o número de orde que lle corresponde no estaleiro a tal construción– na solicitude de matrícula provisional

Isabel Acea Méndez

non fose asignado a ningún outro buque nin estea reservado para outra embarcación en construción.

2º Que os nomes compostos non teñan máis de tres palabras.

3º Que os anagramas empregados non se presten a confusión, ó igual cós números a continuación dun nome, que figurarán escritos en letras e non en cifras (nin números arábigos nin romanos).

Os nomes poden cambiarse mentres dure a construción pero non cando xa se fixe o seu sinal distintivo, e as solicitudes de cambio de nome serán sometidas tamén á aprobación da Dirección Xeral da Maríña Mercante.

#### Estudo diacrónico

Confucio dicía que é moi importante darlle a cada cousa o seu nome, porque o certo é que non hai ningún nome inocente e todos teñen o seu sentido. Non obstante, pouco se sabe de naonimia nos tempos antigos, agás escasas excepcións: a nave *A Balea*, en que viaxou Fénix para raptar a Andrómeda, ou a lendaria nave *Argo* ('Rápido'), a mellor embarcación construída ata ese momento, que tomou o seu nome do construtor, e na que embarcaron Xasón e os argonautas na procura do Vélaro de Ouro.

Quizais polas visicitudes e perigos que supón o traballo a bordo, ou polo medo e respecto que infunde o mar, a vida dos mariños e navegantes estivo tradicionalmente ligada ás supersticións; de aí, prácticas rituais como a de pintar motivos apotropaicos nas embarcacións cunha finalidade máxica e propiciatoria, a cerimonia de bautismo –remisnicencia dun rito ancestral propiciador dos deuses mariños que consistía en sacrificar unha persoa sobre a proa do barco–, ou o feito de meter unha moeda de prata no tinteiro do mastro ou levar cornos de animais, ferraduras, dentes de allo, ramallos de xestas, cardos, codeso ou loureiro, como protección pagá contra os malos espíritos, os demos e as bruxas.

A procura protección celestial, disque foi o motivo que levou tamén a mariñeiros de todos os tempos a pórllles ós seus barcos nomes cun significado de carácter augural ou de bo presaxio. Isto explicaría a existencia de nomes de divindades tan significativas como *Isis* –deusa exipcia moi venerada no mundo grecorromano, considerada desde Apuleio como o principio feminino universal que reina sobre o mar– ou os dióscoros, *Cástor e Pólux*, heroes protectores de Roma e dos navegantes que salvaron a nave *Argo* das fortes tormentas e que se fixeron famosos por acabar cos piratas do mar. Esta práctica votiva –ou supersticiosa– continuou coa chegada do cristianismo pero, desta vez, encomendando os barcos a Deus, á Virxe e ós santos nas súas diversas advocacións e atributos; xa que, ó fin e ó cabo, oralles ós santos non é máis ca unha continuación das vellas devocións politeístas pagás ou dos antigos mitos precistiáns indoeuropeos. Así, deuses mariños da literatura clásica como Nereo, Proteo ou Posidón pasaron a ser suplantados no devocionario popular por *San Andrés*, *San Miguel*, *San Nicolao de Bari*, *San Telmo*, *San Adrián*, ou por diver-

*Naonimia galega. Denominación dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876*

sas advocacións como a *Virxe do Carme*, *Virxe Marla da Gula*, *Virxe de Chanteiro*, o *Cristo de Vigo* ou o *Cristo de Fisterra*.

Pero, á marxe de consideracións relixiosas, ¿cal é o verdadeiro valor que hai que lles outorgar ós nomes dos barcos?, ¿que diferenzas se perciben entre a naonimia antiga e a actual?

Consultando os rexistros portuarios da Idade Media, e sobre todo as fontes documentais galegas dos séculos XI-XIV, constátase que as aparicións de nomes de embarcacións son escasas e as poucas que se atestan (as máis delas piadosas) repíten-se con frecuencia. Mesmo a idea de que o cambio de nome trae mala sorte levou ós armadores a acumular ata tres nomes de santos. En resumo, a naonimia medieval carecía de orixinalidade; non se intentaba personificar as embarcacións senón que, na maioría dos casos, a escolla dun nome ou outro obedecía a un criterio rutinario, de imitación de tópicos, de aí que houbera tantas denominacións repetidas nun mesmo porto. Ademais, a transacción mercantil e o propio carácter efímero dos barcos —duraban entre cinco e dez anos—, facía que cambiasen moitas veces de patrón ou propietario. En moitos casos, como as embarcacións carecían de *nome propio*, identificábanse polo nome do seu dono, especificando ou non o tipo de embarcación; ás veces, púñaselle mesmo o nome dalgún membro da familia do armador, como acontece agora. Por esta razón, eran frecuentes nos rexistros portuarios denominacións do tipo *Nave de Alvaro Cru*, *Nave de Pero Falcón*, *Barca de Gomes de Santiago*, *Nao de Pero Vidal*, *Nao de Bertolameu Maças*, *Carabela de Vasco Barreiros*, *Carabela de Afonso de Porto*; ou simplemente *Lorenzo da Silva*, *Juan Antonio do Bal*, *Roque da Riva*, *Don Juan Antonio de Pazos*, *Gonzalo de Montes*, *Alonso de Armada*, *Miguel Franco*, *Joseph de Aboal*, *Lorenzo da Siva*, *Juan Antonio Mendez*, *Antonio Rodriguez*, *Luis Paladin*, *Gabriel Mendez*, *Francisco Gonzalez*, *Joseph de los Santos*, *Antonio Nuñez*, *Blas Benito Gomez*, *Manuel Duarte* ou *La viuda de Miguel de Aboal*.

Analizando as embarcacións galegas documentadas entre os séculos XIII e XVI (barcas, carabelas, naos, baleeiros) con nome de seu, constátase que a maioría dos nomes son relixiosos (advocacións maiores ou locais): *Santa Marla*, *Santa Marla Magdalena*, *Santa Marla de Gracia*, *Santa Marla de Cedeira*, *Santa Trinidad*, *Santa Clara*, *Santa Catalina*, *Santa Inés*, *Santa Ana*, *Santa Marta de Ortigueira*, *Santa Marla de Finibusterre*, *Nuestra Señora de la Merced*, *Presentacion de Nuestra Señora*, *Santiago*, *San Salvador*, *Jhesus ou Bon Jhesus*, *San Miguel*, *San Gabriel*, *San Tomé*, *San Cristobal*, *San Juan*, *San Antonio*, *San Benito*, *San Marcos*, *Esplritu Santo*. Paradoxicamente, son escasos en Galicia os tradicionais patróns dos marifeiros e mareantes como *San Nicolao*, *San Pedro*, *San Andrés*, *San Miguel*, *San Telmo* ou *Corpo Santo*.

O barco como medio de vida nunha sociedade fundamentalmente marifeira, pasou a adquirir co tempo personalidade de seu. Non en balde, o estudo da estética da embarcación reflicte que esta ten sido considerada pola xente do mar, como un ser humanizado, como un ser vivo que ve e sente, e non como un mero aparello de traballo. De aí, que lle pintasen ollos, cabeza (mascarón de proa), e mesmo dentes (drakkar). Os pobos primitivos, para «animizaren» as súas embarcacións, decorába-

Isabel Acea Méndez

nas con partes anatómicas de animais para que adquirisen calidades propias deses seres animados, como a astucia ou a velocidade. Quizais tamén con este fin de lles outorgar personalidade propia, os barcos comezaron a recibir nomes laicos ou profanos —primeiro acompañando as denominacións piadosas e, despois, de xeito independente—, na súa maioría atributos relacionados coa belicosidade, a vinganza, a afectuosidade, etc.<sup>4</sup>: *Lancha nombrada la Benganza, S. José y Animas (alias) el Volador, Nuestra Señora del Carmen alias la Perla, S. Pedro Telmo alias el Ligero, S. Fco. de Asis alias los dos amigos, Sto. Tomas alias la Confianza, La Purísima Concepción alias el gallego, Nuestra Señora de Belen alias el Guerrero, Virgen de los Dolores alias la Cazadora, Nuestra Señora de la Sagrada Concepcion alias la desarmada.*

En resumo, malia a escasa documentación relativa á naonimia medieval, pódense tirar como conclusións: ausencia xeral do elemento persoal á hora de escoller un nome identificador para as embarcacións e dominio da tendencia relixiosa, sobre todo inspirada nos santos ou advocacións das parroquias ás que pertence o patrón ou dono do barco fronte ós santos tradicionais protectores dos marifeiros e as devocións persoais.

#### Estudo sincrónico

Fronte á abundancia de nomes piadosos na Idade Media, hoxe en día apréciase unha preponderancia de nomes laicos, na súa maioría antropónimos (históricos, mitolóxicos, literarios, etc), pero tamén hai topónimos, zoónimos, e unha ampla gama de nomes de diversa índole (augurais, belicosos, arrogantes, cómicos, etc), que denotan o gusto persoal e o carácter afectivo có que foron postos escollidos polos armadores.

Con todo, aínda se recollen abondosos haxiónimos e outros nomes relixiosos e bíblicos, case todos en castelán (agás *Virxen do Carmen, san Antoniño, Santa Mariña, Santantón, San Martiño, San Xoán*), ben por seguir as denominacións tradicionais ou ben polo conservadurismo que sempre acompañou o léxico relixioso.

Entre os santos destacan *Ignacio de Loyola, Nuevo San Jaime, San Roque, San Adrián, San Agustín, San Amaro, Nuevo Sanamaro, San Andrés, San Antonio, San Benito, San Cayetano II, San Cibrán, San Cosme, San Damián, San Diego, San Fausto, San Felipe, San Fernando, San Gregorio, San José, San José de Nazaret, San Julián, San Mamed, San Miguel, San Patricio, San Pablo, San Pedro, San Pelayo, San Ramón, San Salvador, San Simón, San Telmo*; entre as advocacións locais: *San José de Chapela, San Salvador de Ginzo, Cristo de la Victoria, Cristo da Laxe.*

Entre as santas sobresaen *Santa Mariña, Santa Marta, Santa Mónica, Santa Tecla, Santa Francisca, Santa Catalina, Santa Marta, Santa Cecilia, Santa Eugenia, Santa Eulalia, Santa Cristina, Santa Marta del Puerto.*

A Virxe nas súas diversas advocacións recóllese en denominacións como *Nuevo Virgen de la Barca, Nuevo Virgen de Lodairo, Virgen de Chanteiro III, Virgen de Guadalupe, Virgen de la Consolación, Virgen de las Mercedes, Virgen de los Mares, Virgen de Lourdes, Virgen del Cabo, Virgen del Carmen, Nuestra Señora del Carmen, Virgen del Rosario, Virgen dos Milagros, Virgen de la Franqueira, Virgen del Puerto,*

*Naonimia galega. Denominación dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876*

*Virgen del Mar, Virgen de la Roca, Nuestra Señora de los Ángeles, Nuestra Señora del Consuelo, Senhora da Guia, Nuestra Señora de la Gula, Nuestra Señora del Socorro, Nuestra Señora de la Almudena, La Concepción, María Auxiliadora, María de Jesús, María de la Esperanza.*

Tal e como acontecía na época medieval moitos destes nomes responden ás advocacións das parroquias dos armadores. Por iso, tamén hai advocacións de fóra de Galicia; así, por exemplo, *Nuestra Señora de Erdotx é de Ondarroa*.

Entre os nomes bíblicos e outras denominacións vinculadas ó mundo relixioso, cómpre salientar: *Jonás, Querubín, Calvario I, Jesús, Niño Jesús, Jesús del Gran Poder, Buen Jesús, Mar de Jesús, Jesús Nazareno, Jesús de Nazaret, Ángel, Ángel de la guarda, Lunes / Martes / Miércoles / Jueves / Viernes / Sábado Santo, Ángel de la Costa, Dulce nombre de Jesús, Nuevo Hay Providencia, Perpetuo Socorro, Sagrado Corazón, Santo del Mar, O santo do mar, Cruz de San Marcial. Dulce Nombre de Jesús, Creo en Dios Padre, Gracia de Dios.*

Neste universo devoto, que sempre estivo ligado ó mundo marifeiro, resultan tan rechamantes como inusuais nomes con cariz sacral do tipo *O demo e Leviatán*.

Deixando á parte estas denominacións piadosas, reminiscencias dun pasado non moi afastado, ocuparémonos agora da naonimia vinculada á realidade próxima dos marifeiros. Pese a que antano o cambio de nome se concibía como sinal de mal agoiro, a consolidación do elemento afectivo e persoal fai que moitas veces o barco mude de nome, sobre todo ó cambiar de propietario. A gran maioría dos naónimos modernos son nomes persoais, pero cómpre distinguir entre os antropónimos vinculados ós propietarios da embarcación e os que non están ligados directamente á súa familia pero que obedecen a algunha razón de afinidade ou gusto persoal cara a esa entidade (nomes mitolóxicos, históricos, literarios, etc).

Os antropónimos ligados por lazos familiares, desde logo os maioritarios na flota pesqueira (sobre todo de baixura), son case todos nomes de muller; adoitan corresponderse cos nomes das compañeiras (esposas, mozas ou amantes), fillas ou netas do armador. Esta tendencia a poñer nomes de muller puido estar motivada en tempos remotos pola idea de outorgarlles ás embarcacións atributos femininos como o da fecundidade, tan necesaria para os marifeiros tanto dentro coma fóra do mar — así aconteceu tradicionalmente con embarcacións tradicionais como as dornas—, aínda que esta práctica puido perdurar cos anos e converterse en tópico para manter quizais un costume que se sentía tradicional. Por outro lado, o feito de que a maioría dos barcos, ó igual cós camiós, leven o nome dunha muller pode deberse a que tanto marifeiros como camioneiros teñen que pasar moitas horas fóra da casa, lonxe da familia, de aí que ó pórle ós seus instrumentos de traballo e de sustento o nome dun ser querido, evoquen co nome a esa persoa afastada.

Neste apartado abundan os nomes persoais (enteiros ou abreviados, con ou sen apelidos, combinación de dous nomes persoais unidos con guións ou coa conxunción copulativa *y/e*). En xeral non hai moita orixinalidade no repertorio onomástico e a frecuencia duns nomes ou outros vai en consonancia co maior ou menor predomínio deses nomes na antroponimia xeral. De aí que sexan habituais nomes como

Isabel Acea Méndez

*Ana, Angel, Antonio, Carmen, Dolores, Eva, Isabel, Jose, Juan, Josefa, Juana, Lola, Manuel, Marta, Marla del Carmen, Marla del Mar, Marisa, Maruja, Maruxa, Mercedes, Pepe, Pepita, Pilar, Ramón, Rosa, Rosita, Teresa; e, en menor medida: Agustina, Alberto, Alicia, Amalia, Amancio, Ángela, Anuncia, Aquilina, Arsenio, Asunción, Aurora, Avelina, Beatriz, Begoña, Belén, Benigno, Benito, Berta, Caludia, Cándida, Carlota, Carolina, Celestino, Celia, Clara, Claudina, Claudio, Clotilde, Concepción, Consuelo, Cristina, Dalia, Dania, David, Diego, Digna, Domitila, Dora, Dorinda, Edita, Elena, Elisa, Eloisa, Eloy, Elsa, Elvira, Emérita, Emilia, Engracia, Erundina, Esteban, Esther, Eugenia, Eulalia, Eusebio, Fabián, Fermina, Florentina, Francisco, Gabriela, Gaspar, Gilberto, Gloria, Heminia, Hermelinda, Ilda, Inés, Irene, Isaura, Isolina, Jacinta, Jacobo, Jaime, Javier, Jesús, Jesusa, Joaquina, Jorge, Josefina, Julia, Laura, Lidia, Lucla, Luis, Luisa, Manuela, Marcos, Margarita, Marina, Mario, Marisol, Matla, Mauricio, Moisés, Montserrat, Narcisa, Natalia, Nieves, Norma, Obdulia, Olga, Oscar, Otilia, Palmira, Patricia, Paula, Purificación, Rafael, Ramona, Ricardo, Rita, Rocío, Rosalla, Rosario, Sagrario, Saladina, Sofía ou Timoteo.*

Por esta mesma razón, nomes como *Astrid, Borja, Carol, Caroly, Cati, Cristian, Daniel, Elga, Eliezer, Joel, Leticia, Lorena, Loreto cuatro, Magali, Mirian, Noelia, Noemi, Raquel, Romina, Rubén, Sabrina, Sandra, Sara, Silvia, Sonia, Soraya, Tais, Tamara, Tania, Vanesa, Verónica, Viki, Yasmina, Yola, Yolanda, Yoni, Yudi, Zaira, Zaray, Zulema*, de máis recente introdución na onomástica galega, os galegos Uxla Uno, Xurxo e Iria, ou os de procedencia foránea como *Katiuska* e *Kitty*, semellan corresponderse máis cós nomes das netas dos armadores, ca cos nomes de esposas ou fillas.

Debido ó carácter afectivo que preside este grupo de naónimos, é moi abondosa a presenza de hipocorísticos ou diminutivos do nome persoal: *Albertito, Alfonsito, Angelita, Angelucha, Anita, Antoñito, Aurelita, Blanquita, Carmencita, Carmucha, Celita, Charito, Chelito, Chichita, Chiruca, Concha, Conchita, Cuquita, Dani, Encarnita, Felucho, Feluco, Fernandito, Filo, Finita, Fito, Fran, Francisquita, Gabrielito, Gelucha, Guillermito, Herminita, Inesita, Isabelita, Jacobito, Jaimito, Javi, Joaquincho, Josefa, Juanita, Juanito Lena, Lina, Lisi, Lisita, Lita, Lolo, Lucho, Luci, Lucita, Lucita, Luisita, Lusi, Mabel, Maite, Manola, Manolito, Marga, Mari, Maribel, Marili, Mariló, Mariloli, Marisa, Marisé, Marito, Marivi, Maruja, Melucho, Merche, Mila, Milucha, Moncho, Mucha, Nandita, Nando, Nati, Nievitás, Nito, Norita, Nucha, Olguita, Pablito, Pabluco, Paca, Pacita, Pacucho, Panchita, Pepucho, Pilartín, Pitusa, Pituxa, Puri, Quica, Quino, Quique, Rafa, Ramirito, Ramoncito, Ramonita, Rosana, Rosarito, Santi, Sarita, Sita, Sole, Susa, Susito, Tacho, Tere, Teresita, Tina, Tito, Tonecho, Toñito, Trini, Vicentito, Virucha, Yago*; hai algúns con grafas estranxeirizantes como *July, Kuky, Katusa, Maruchy, Mary* ou *Merchy*; e entre os galegos os máis frecuentes son *Carmiña, Cheliño, Conchiña, Cundiño, Cuquiño, Gloriña, Isabeliña, Josefiña, Liniño, Loliña, Luciña, Martiño, Maruxiña, Migueliño, Monchito, Paquiña, Pepiño, Pilarriña, Rosiña, Siña, Toniña, Toniño*.

Ás veces o nome persoal (ou o apelido) vai acompañado dun especificador, como un adxectivo, un artigo, etc: *Joven Enríquez, Joven Pepito, La Aurelia, La*



*Naonimia galega. Denominación dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876*

*Famosa Antonia, El Pepito, La Conchita, La Nieves, Las Isabeles, Las dos Victorias, Las tres Lourdes, El Sara, Os Martínez, Los González, Dos Marlas, Pepe de Laura.*

Dentro da combinación de dous nomes persoais (unidos coa conxunción copulativa ou mediante guión): *Beatriz e Isabel, Conchi y Fonsi, José y Antonio, Marujita y Carmiña, José-Rosí, Pepe-Andrés, Pepita-Carmen, Julito-Pepe Listón, Marla-Lourdes, Marla-Victoria, Mari-Carmen, Mari-Loli ou Mary-Flor.*

Tal e como acontecía na Idade Media, son abondosas as denominacións formadas por un nome e un apelido, coincidindo loxicamente co nome do propietario (ou empresa armadora que, á súa vez, toma o nome do dono) ou dalgún membro da súa familia moi achegado: *Ana Marla Gandón, Bautista Pino, Bernardo Alfageme, Concepción Rodríguez Ulla, Conchita Lorca, Domingo González, Eduardo Vieira, Elsiña Domínguez, Emilio Colomer, Esperanza Mendulña, Félix Villar, Francisco Pizarro, Joaquín Vázquez, José Antonio Nores, José González Chao, Juan Correa, Leonor Touza, Lola Veiga, Lolita M. Costas, M. Pérez Pan, Manuel Pérez Méndez, Manuela Seoane, Marla del Pilar Graña, Marla Gallego, Maruxa Montenegro, Modesto Correa Pazó, Pepita Aval, Salvador Lago, Santiago Calviño ou Waldo Leirós.* En ocasións, o nome e o apelido van unidos formando unha soa palabra: *Juanaureña.* Outras vecesponse, simplemente, o apelido (ou apelidos): *Acebedo, Acuña, Almutña, Andrade, Cabana, Campos Cabaleiro, Casares, Chamorro, Collazo, Costa Rodríguez, Ferreira Martínez, Freire Piñeiro, Lopez Romero, Márquez, Molares Álvarez, Montenegro, Mourinho, Oliveira, Pousa, Rodeira, Rulz Campos, Salvatierra, Sobroso, Solla, Sousa, Soutomayor, Veiga Fontán, Vilar Cousido, Villanueva.*

Algúns naónimos son mesmo un composto de varios nomes persoais; é o caso, por exemplo, do *Jocabal*, que está formado cos nomes apocopados dos tres fillos dun armador de Bueu (José, Catalina e Baldomero). Tamén pode darse unha combinación dos dous apelidos do-s propietario-s, como o *Chaveiga* de Ángel Manuel e Fermín Chamorro Veiga. Outras veces, o buque leva o nome da empresa (enteiro ou apocopado) seguido da abreviatura de SA: Marítima Polux SA: *Maposa Primeiro / Segundo / Tercero / Cuarto / Quinto / Sexto / Séptimo*; Navijo SA: *Navijosa Sexto / Noveno*; Pevega SA: *Pevegasa Segundo / Tercero.*

Para evitar a coincidencia de nomes é frecuente que moitas embarcacións leven como especificación ó lado o adxectivo «nuevo-a» ou «novo»: *Nuevo Alondra, Nuevo Andes, Nuevo Celta, Nuevo Feliz, Nuevo Josefá, Nuevo Maravillas, Nuevo Marino, Nuevo Maruja, Nuevo Tempestad; Nueva Begoaña, Nueva Chabola, Nueva España, Nueva Europa;* o modificador adverbial «siempre»: *Siempre Quintanero, Siempre buen camino y sigue;* ou, máis frecuentemente, sobre todo nas series corporativas das grandes empresas, un número ordinal ou cardinal, escrito en cifras ou letras -aínda que desde a normativa do 1989 só poden ser en letras-, ou un número ordinal en cifras ou letras. De tódolos xeitos, cómpre subliñar que, antes desta data, o que se percibe no rexistro é unha auténtica anarquía en canto ós criterios unificadores; así, as embarcacións dunha mesma empresa, podían levar o número escrito tanto en números romanos como arábigos, en letras, combinando ordinais con cardinais, colocando o numeral antes ou despois do nome, en maiúsculas ou minúsculas, etc:

Isabel Acea Méndez

Almuiña SA: *Cotorredondo Uno / Dos / Tres*; Alvacora SA: *Albacora uno / cinco / seis / quince / doce / catorce / dieciseis / diecisiete*; Armadora José Pereira SA: *Puente Pereiras, Puente Pereiras Dos*; Armaven SA: *Armaven Un / Dos / Tres*; Carvisa SA: *Carvisa Uno / Dos / Tres*; Congelamar SA: *Congelamar Primeiro / Segundo*; Eduardo Vieira SA: *Vieirasa Tres / Cinco / Seis / Siete / Nueve / Diez*; Farpesca SA: *Farpesca, Farpesca Tercero / Cuarto / Quinto*; Masso Hermanos SA: *MassóDieciseis / Diecinueve / Veinte / Ventiuno / Ventidos / Venticuatro / Venticinco / Ventiseis / Ventisiete / Treinta*; Pesca Berbés SA: *Pescaberbés Uno / Dos*; Pescapuerta SA: *Pescapuerta Primero / Segundo / Tercero / Cuarto*; Pescavigo SA: *Pescavigo Uno / Dos*; Pesquería Industrial Gallega SA: *Arosa segundotercero*; Pesquerías Leon Marco SA: *Leon Marco Seis / Siete*; Saudade SL: *Saudade, Novo Saudade*; Vieira Gonzalez SA: *Álvarez Entrena quinto / sexto*.

Evidentemente, cando o armador ou empresa armadora só ten un buque rexistrado da súa propiedade non necesita outra identificación e pode coincidir plenamente co nome da empresa: Ama Costas SA: *Ama Costas*; Area Cova SA: *Area Cova*; Congelador Mar Uno SA: *Congelador Mar Uno*; Congelador Mar Dos SA: *Congelador Mar Dos*; Congelador Mar Tres SA: *Congelador Mar Tres*; Cooperativa de Mar Nosa Cantiga: *Nosa Cantiga*; Cooperativa de Mar Nosa Terra: *Nosa Terra*; Cooperativa de Mar Noso Lar: *Noso Lar*; Costero Segundo SL: *Costero Segundo*; Gaivota SL: *Gaivota*; Leirachán SA: *Leirachán*; Mar de Islandia SL: *Mar de Islandia*; Monte Ventoso SA: *Monte Ventoso*; Moradiña SA: *Moradiña*; Peixe do mar SA: *Peixe do mar*; Pesquera Cristo de la Victoria SL: *Cristo de la Victoria*; Pesquera Morriña SL: *Morriña*; Pesquera Prior SL: *Prior*; Pesquería, Jugamar SA: *Jugamar*; Pesquería Orballo SA: *Orballo*; Pesquerías Anduriña SL: *Anduriña*; Pesquerías Monxo SL: *Monxo*; Pesquerías Santa Tecla SA: *Monte Santa Tecla*; Sabemar SL: *Sabemar*; Xiadas da Guarda SL: *Xiada*.

Nalgúns casos recóllese un só buque para unha empresa armadora e vai acompañado de numeral ou doutro especificador, ou, habendo varios, hai saltos na serie. Isto débese a que os barcos cos números que faltan están probablemente rexistrados noutras provincias marítimas: Faro Silleiro SL: *Faro Silleiro Dos*; Suemar SL: *Suemar Tres*; Heroya SA: *Heroya Primeiro*; Lameiro Saramago Manuel: *Lameiro Uno*; Noso Lar SL: *Nuevo Noso Lar*; Pesquera Apenino SA: *Nuevo Apenino*; Pesquera Maria Lourdes SL: *Nuevo Maria Lourdes*.

As veces, para manter a liña identificadora dunha mesma empresa armadora recórrase a criterios unificadores de tipo semántico, como nomes de mares, ríos, illas, montes, santos, etc: América y Galicia SA: *Mar Grande, Mar Terra*; Boapesca SA: *Sierra Lopez, Sierra Paz*; Centropesca SA: *Isla Alegranza, Isla Montaña Clara*; Jose Pereira e hijos SA: *Puente Belesar, Puente Ladeira, Puente Sabarís*; Otero Nerga, Faustino: *Río Loureiro, Río Fontenla*; Pescanova SA: *Lugo, Orense, Lerez, Rivadavia, Ribadeo*; Pesquera Alcora SA: *Monte Far, Monte-Agudo*; Pesquera Alonso Martinez SL: *San Benito, Segundo San Benito*; Pesquera Astur-Galaica SA: *Apenino, Andino*; Pesquerías Gaditanas de Gran Altura SA: *Ribera Gaditana, Ribera Andaluza, Ribera Gallega*; Pesqueros Emfa SA: *Barlovento, Sotavento*; Trigo Duran, José Severino: *Capricho de Persebellos, Capricho de Cambados*. Cando os barcos comezan a faenar en

*Naonimia galega. Denominación dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876*

parella, sobre todo na pesca do bacallau, é frecuente que os nomes destas embarcacións garden tamén algún tipo de vínculo semántico como nomes corporativos que son; é o caso, por exemplo, de parellas como *Meira e Rodeira* ou *Ons e Salvora*.

Algúns destes grandes buques caracterízanse mesmo por un ton afectivo, moi pouco usual en embarcacións desta envergadura: Freiremar SA: *Frescachón, Frioheiro*; Jose R. Curbera SL: *Agarimo, Amoriños*; Pescaboa SA: *Peixiño, Xeitosiño*. Outras veces o barco leva o nome da muller do propietario seguido apelido deste, a xeito de apelativo: Gomez Iglesias, Ramón: *Asunción de Gómez*; Larran Rodal Celestino: *Francisca de Larran*.

Os antropónimos que non están directamente vinculados coa familia do propietario poden agruparse en diferentes campos semánticos:

- Personaxes históricos ou lendarios: *Agripina, Almanzor, Atila, Cachamuña, Campeador, Cardenal Cisneros, Colón, Cristóbal Colón, E. Castelar, Fleming, Francisco Pizarro, General Aranda, Che, General Franco, General Murillo, General Queipo de Llano, Inés de Castro, Íñigo de Loyola, Juan XXIII, Kinsey, Legionaria, Lute, Marqués de Villaverde, Martin Borman, Méndez Núñez, Pinzón, Nuevo Pinzón número uno, Pinzón, Pirata Malaspina, Ranses, Recaredo, Reina Victoria, Salomé, Séneca, Vasco Núñez de Balboa, Zapata.*
- Seres mitolóxicos ou fantásticos: *Amazona, Anfitrite, Apolo, Aquiles, Arcadia, Ares, Argonauta, Argos, Circe, Eolo, Galatea, Hadas, Hércules, Júpiter, Neptuno, Ninfa, Pegaso, Querubín, Remo, Rómulo, Sirena, Táis, Teucro, Ulises, Ulyses, Urano, Urco, Venus, Zeus.*
- Escritores: *Curros Enríquez, Zorrilla, Pondal, Murgula, Castelao, Cabanillas, Rosalla de Castro, Cornide de Saavedra, Miguel de Unamuno.*
- Pintores: *Greco, Zurbarán.*
- Persoas do espectáculo (actores, cantantes, toureiros): *Gila, Manolete, Juanita Reina, La Niña de los Peines, Carlos Gardel.*
- Personaxes literarios, cinematográficos ou televisivos: *Rinconete, Cortadillo, Don Juan Tenorio, Doña Inés de Ulloa, Don Luis Mejía, Bradomín, Orlando, Platero, Babiéca, Tarzán, Charlot, Teniente Colombo, JR, Chanquete, Popeye, Flipper, Robin, Moby Dick, Ben-Hur, Batman.*

Aínda que non son antropónimos, pero si están moi vinculados coa familia do armador e o seu contorno máis achegado, son os nomes de parentesco ou amizade, moi frecuentes na flota peninsular: *Catorce / Cinco / Cuatro / Diez / Dos / Nueve / Seis / Tres hermanos, Cuatro hermanas, Comadre, Compadre, Los compadres, Cuatro nietas, Dos cuñadas, Dos nietos, Las cuatro hermanas, Las cuatro nietas, Las dos hermanas, Los*

Isabel Acea Méndez

*dos hermanos, Los dos primos, Dos primos, Dos/Tres cuñados, Los hermanos, Los tres nietos, Prima, Dos/Tres amigos, Cuatro amigos; ou menos usuais como Abuelo Lelo, Abuelos, Cuatro hermanos alegres, O tío Tito, Somos tres hermanos, Tres parientes, Dos amigos que bien se quieren, Familia numerosa.*

A maioría dos topónimos galegos pertencen a zonas costeiras ou vinculados co mar (sobre todo o litoral das Rías Baixas), aínda que tamén se recollen nomes de lugar do interior de Galicia: *Aldán, Arbo, Arcade, Arnoya, Arosa, Arzúa, Baredo, Beluso, Betanzos, Bouzas, Candeán, Cangas, Canido, Castrelos, Catoira, Chapela, Combarro, Corcubión., Corrubedo, Galicia, Gondomar, Guitiriz, Guixar, La Guardia, Lalín, Laxe, Lemos, Lourido, Lugo, Puxeiros, Mañufe, Meira, Mera, Moaña, Montecelo, Montefaro, Morrazo, Mougás, Mugaridos, Nuevo Cesantes, O Bolo, Oleiros, Osebe, Pantón, Panxón, Panxón unoldostres, Peares, Pontevedra, Porriño, Rande, Primeiro de Rande, Puenteceures, Redondela, Ribadavia, Ribadeo, Romariz, Romil, Valga, Vicedo, Vigo, Vilachán, Villa de Martín, Xinzo.* Cómpre destacar que poucos son os topónimos galegos que respectan a forma normativa galega: *Coya, Orense, Oya, Tierra de Lemos, Tuy, Sayanes, Zamanes, Cabo Villano, Cabo Finisterre, Monte Jaján, Monte Santa Tecla ou Puente Pedriña.*

Dentro da microtoponimia galega, son tamén moi abondosos os nomes de lugar vinculados á costa, sobre todo do sur de Galicia:

- Baías e enseadas: *Bahía de Aldán, Barra, Chanteiro.*
- Cabos: *Cabo Finisterre, Cabo de Home, Cabo Villano, Ortegal, Silleiro.*
- Faros: *Faro de Hércules, Faro Ons, Faro Sálvora, Faro Silleiro.*
- Illas: *Cles, Isla de Tambo, La Toja, Ons, Sálvora, Toralla.*
- Mares: *Mar de Cesantes, Mar de Galicia, Mar de Martín, Mar de Vigo, Mar del Con.*
- Montes: *Gula, La Gula, A gula, Madroa, Monte Alba, Monte de la Gula, Monte del Castro, Monte Galiñeiro, Monte Jaján, Xaxán, Monte Louro, Monte Peneda, Monte Real, Monte Santa Tecla, Monte Ventoso.*
- Praias: *Arealonga, Bao, El Orzán, Lanzada, Miño, Samil, Oza, Playa de Aldán, Playa de Area, Playa de Loira, Playa de Martín, Playa de Melide, Playa de Mendulña, Playa de Montalvo, Playa de Mourisca, Playa de San Xian, Playa de Cirro, Playa de Sabón.*
- Pontes: *Ponte de Rande, Puente Arcade, Puente da Barca, Puente de La Ramallosa, Puente de Panxón, Puente de Pasaje, Puente Gondomar, Puente Miñor, Puente Pedriña, Puente Sampayo, Puente Toralla, Puente Ulla.*

*Naonimia galega. Denominación dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876*

- Portos: *Bouzas, Puerto de Bayona, Puerto de Hlo, Puerto Martín, Puerto de Vigo, Puerto Barbela.*
- Puntas: *Punta Couso, Punta del Touriño, Robaleira, Punta Robaleira, Punta de Rodeira, Punta Tremiño Dos.*
- Ribeiras: *Ribera del Berbés.*
- Rías: *Ría da Coruña, Ría de Aldán, Ría de Pontevedra, Ría de Vigo.*
- Ríos: *Eo, Eume, Lagares, Río Lagares, Miño, Lérez, Miñor, Río Arenteiro, Río Avia, Río Cabe, Río da Bouza, Río Deva, Río Eo, Río Lourido, Río Sil, Río Tea, Río Vello, Sar, Sil, Ulla, Umia, Río Fontenla, Río Xaneiro, Río Centiño, Río da Sela.*
- Torres: *Torre de Hércules.*

Entre os topónimos de fóra de Galicia hai que destacar dúas vertentes fundamentais; por un lado, a presenza de toponimia (maior ou menor) relacionada co lugar de orixe das empresas armadoras -especialmente Cantabria, Huelva, Cádiz, Canarias ou Euskadi-, propietarias de moitos dos buques rexistrados en Vigo e, por outro lado, a aparición de nomes lugar cun cariz exótico ou relacionados cos novos caladoiros que se foron descubrindo. Así, *Playa de Pedreña Canarias num cinco, Punta Jandla* (Canarias); *Laredo, Isla Graciosa, Isla de Lanzarote, Playa de Samo* (Cantabria); *Oviedo, Gijón, Principado de Asturias* (Asturias); *Monte Arauntza, Villa de Bilbao, Playa de Bermeo, Vizcaya, Nuevo Bilbao* (Euskadi); *Alicante, Ciudad de Villajoyosa* (Alacant); *Ciudad de Ayamonte, Mazagón* (Huelva); *Ribera Gaditana, Río Mustiga, Playa Chica* (Cádiz). Pola súa relevancia na pesca galega do exterior e pola súa presenza na naonimia destacan *Argentina* e *Mauritania*, pero tamén *Mar de los Sargazos, Mar del Labrador, Mar Terranova, Mar del Norte, Mar del Plata, Mar Céltico, Mar de Irlanda*. Entre outros moitos topónimos «exóticos» sobresaen *América, Punta Blanca, Río Grande, Puerto Plata, Venezuela, Puerto Rico, Uruguay, Golfo de México, California, Alaska, Asia, Maracaybo, Jamaica, Trafalgar, África, Costa de Normandla, Nazaret, Bahía Tropical, Oriente núm dos, Abisinia, Venecia, Setúbal, Leixoes, El Orinoco, Alcazarquivir, Mar Báltico, Mar Blanco, Mar Caspio, Mar de Galilea, Mar de Islandia, Mar Mediterráneo, Mar Menor, Monte Carmelo, Aneto, Alpes, Andes, Monte Confurco, Malasia*. Os xentilicios tampouco se escapan destas tendencias (normalmente, o xénero destes concorda co xénero do tipo de embarcación): *Galego, Gallega Seis gallegos, Viguera, Canaria Canario, Vasca, Castellana, Andaluza*; e *Argentino, Cubana, Uruguaya, Andino, Apenino, Veneciana, Chinita, Dinamarquesa, Vikingo, Xibariño*.

Os zoónimos tamén teñen unha relevancia destacada na naonimia galega, especialmente nomes de peixes, mariscos e aves vinculadas co mar.

Isabel Acea Méndez

- Aves mariñas (*Albatros, Ave del Mar, Ave sin puerto, Cisne, Cisne de plata, Cormorán, Gaviota, La pata, Paloma de la mar, Pelicano, Pingüino*) e terrestres: *Aguila del Caribe, Alondra, Cotorra, Estornino Gavilán, Halcón, Golondrina, Grulla, Jilguero, Laverca, La paloma, Loro, Pájaro, Pájaro azul, Pájaro del alba, Paloma, Palomita, Pichón, Rula, Rulo, Sirén segundo, Tucán, Urraca.*
- Peixes: *Abadejo, Anguiacho, Atún, Barbo, Barbo ocho, Berete, Besugo, Bocareu, Bocarte, Boquerón, Cachucho, Choupa, Escacho, Esturión, Fletán, La carioaca, Lorcha, Lubina, Lura, Marrajo de Burela, Mero, Muxo, Nuevo tiburón, Piraña, Rincha, Robaleira, Robaliza, Róbalo, Salmón, Salmonete, Sardina, Sargo, Sábalo, Solla del mar, Tiburón, Tiburón tercero, Xouba III.*
- Mamíferos mariños: *Cachalote, Delfín, Foca, Morsa, Nutria.*
- Invertebrados mariños: *Berberecho, Boi, Chirla, Calamares, Camarón, Cigala, Croque, Gamba, Marisco, Medusa, Morrunchu, Ostra, Percebe, Vieira, Zamburiña.*
- Outros animais acuáticos: *Tortuga, La rana.*
- Animais terrestres: *Avispa, Cachorro, Cobra, León, Leona, Lince, Lobo, Mariposa, Mosquito, Raposíño, Raposo, Tigre, Zorrita, Zorro.*

En galego os máis frecuentes son *Anduriña* e *Arroaz* (escollidos quizais polo seu sabor enxebre e por unha cuestión de reiteración de tópicos) pero tamén aparecen *Alondra, Alondriña, Ameixa, Balea, Caramuxo, Mascato, Pardal, Os peixes, Peixiño, Pombiña, Raposíño, Tabeirón, Troita, Volvoreta, Xoubiña*. Especialmente significativo é o feito de que a maioría dos animais, non relacionados directamente co medio mariño, adoitan ser depredadores. Quizais a idea que inspirou o armador a escoller nomes como leóns, tigres, lince ou, xa no medio mariño, das pirañas, é a de identificar o seu barco con certas calidades intrínsecas destes animais como a súa ferocidade á hora de procuraren alimento ou simplemente foron escollidos, como noutros moitos casos, cun afán novamente de exotismo.

En canto á flora atópanse tanto nomes de plantas como de estruturas vexetais: *Capullo, Flor, Freixo, Loureiros, O'Freixo, O toxo, Trébol* e outros máis literarios como *Flor de abril, Flor de mayo, Flor de agosto* ou *Flor del mar*.

Tamén recolleemos nomes relacionados co firmamento, como astros, constelacións e puntos cardinais: *As tres Marias, Aurora, Galaxia, Halley, Leo, Lucero, Estrela azul, Estrela branca, Estrella, Estrella polar, Estrella del Norte, Estrella del Sur, Luna, Sol, Soles, Este, Oeste, Leste, Orión-k, Osa Maior, Polar, Vulcano, Nuevo Neptuno, Oriente, O Oriente, Universo, Estela, Estrella del Sur.*

Entre os nomes que fan referencia ás estacións e partes do día, entre outras referencias temporais: *Día Uno, Día Segundo, Xaneiro, Otoño, Primavera segundo, Verano, Hermoso Verano, Matutina, Amanecer, Alborada, Alba, Claro amanecer.*

*Naonimia galega. Denominación dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876*

No eido da meteoroloxía, climatoloxía, xeografía ou orografía: *Airiños, Airiños do mar, Barlovento, Bonanza, Brétema, Brisa del mar, Brisas del mar, Brisa del sur, Brisa suave, Bruma uno, Borraxeiro primeiro, Buen tiempo, Ciclón, Cielo azul, Corisco, Galerna, Cuatro vientos, Fervenza, Huracán, Maraxe, Marejadilla, Meridiana, Meteoro, Montaña clara, Neboeiro, Oleaje, Orballo, Outeiro, Paralelo, Poalleira, Polo Norte, Ráfaga, Raio, Relámpago, Rocío, Rompeolas, Sotavento, Sudoeste, Tormenta, Trueno, Trueno azul, Segundo Vendaval, Ventisca, Vento, Ruta do vento, Xiada.*

Relacionados co lecer ou coas actividades lúdicas (deporte, cartas, baile, etc): *¡Ala Celta!, Celta, Nuevo Celta, Moderno Celta, Nuevo hola Celta, Real Madrid; As, Dos de copas, Dos de oros, Julepe, Tute, Brisca; Cumbia sobre el mar, Raspita, Samba, Rumba, Ye ye, la-la-la, Dos gardenias, Angelitos negros.*

Certas profesións, cargos e títulos tamén se ven representados: *Cociñeiro primeiro, Ingeniero Músico, Pintor, Zapateiro, Marisquera, Centinela, Cardenal, Almirantas, Cabaleiro Uno, Marquesa, Rey.*

Os restantes nomes de embarcacións, que non teñen como referente unha entidade concreta (física, xeográfica, etc) poden agruparse en diferentes campos semánticos:

- Nominativos: *Mi nombre, Sin nombre, Mi nombre cuatro*
- Atributos, na liña da «animización», que aluden a calidades físicas (tamaño, cor, etc) ou anímicas (alegría, docura, fereza, agresividade, etc); moitos deles, aínda exaltando as calidades negativas, reflicten a relación de afectividade que une o mariñeiro co seu barco: *A xeitosiña, Alegre, Astuto, Atrevida, Audaz, Chistosa, Chula, Cuca, Curruquiña, Decidida, Deseado, Dichosa, Frescachón, Fugitivo, Garimoso, Generosa, Fantástico, Fogueteira, Hermosa, La dorada, La morena, La milagrosa, Ligera, Linda, Maja, Marchoso, Modesta, Mora, Moradiña, Morena, Moreniña, Redondiña, Moderna, Rubia, Modesta, Negrita, Presumida, Rápido, Rubia, Salerosa, Salvadora, Sola, Solita, Solitaria, Tranquila, Triunfadora, Valiente, Veloz, Virtuosa, Voladora, Xeitosa, Xeitosiño; Acechador, Cazadora, Chabalota, Depredador, Explorador, Gladiador, Invencible, Machota, Machotiña, Terrible, Vencedora, Vixiador; A terca, Arisco, Envidiosa, Fea, Mentirosa, Protestona Borrachita, Cativo, Chaparrita, Chaparrudo, Chato, Chiquita, Engañadora, Frioleiro, Gandula, La borrachona, La revoltosa, Pequena, Xareliño.*
- Augurais e de virtudes: *Afortunada, Alegranza, Alegría, Bienvenido, Esperanza, Buena Esperanza, Buenaventura, Calma, Con felicidad, Con prosperidad, Fe dos, Fe tres, Felicidad, Formalidad, Fortuna, Igualdad, Inocencia, Hora buena, La concepción, La gloria, Libertad, Nuevo lealtad, Mi porvenir, Nuevo Feliz, Piedad, Porvenir, Progreso, Salud, Salud por venir, Siempre buen camino y sigue, Vita.*

Isabel Acea Méndez

- Nostálgicos, de despedida ou de piedade: *Adios vida, Lástima de ela, Viejo recuerdo, Morriña, Recuerdo, Saudade, Soledad*
- Desiderativos e de ánimo: *Aleluya, Bos días, Trátame ben, Cúidame, Calma ven, Más calma, Nunca e tarde, Vivamos hoy, Vivir.*
- De dúbida: *Puede ser, No lo sé, No sé, Non sei, Que pueden decir, Que se yo, Sabe Dios, Salgo si puedo, Voy si puedo, Ya veremos.*
- De agradecemento: *No hay de qué, Dios se lo pague, Gracias a Dios.*
- De conformidade: *Coma ti, Como queirades, Como quieras, Como ti queiras, Es igual, Está bien, Mírame como quieras, Venga como venga.*
- De consello ou precaución: *Alerta, No te apures, No te fles, No me tengas envidia.*
- Sentimentais ou románticos: *A miña, Agarimo, Amado, Amores, Amoriños, Amoriños, Corazones, Es mia, Eres mta, Espérame, Flor de mi tierra, Luz de luna, Meu agarimo, Meu ben, Mia, Miña, Miña terra, Mi niño, Nena, Nené, Niña, Nosa cantiga, Nosa terra, Noso agarimo, Noso lar, No me dejes, No se por que te quiero, No te vayas, Nuestro sueño, Perdóname, Rocto del mar, Te quiero, Tu sola, Tu y yo, Tu eres mi destino, Tú eres mi vida, Tuya, Vida de mi vida.*
- De travesía e chegada: *Anda, Iremos, La niña sale del puerto, Marcha, Me voy, Nos marchamos, Nos vamos, Salgo de noche, Salo, Ti bes, Vámonos que es hora, Vamos sin rumbo, Vámonos que es hora, Voy deprisa, Voy solo, Voy y vuelvo, Sall, Xa marchó, Ya estamos aquí, Ya llegamos, Ya vino, Yo sigo.*
- Arrogantes e ameazantes, de decisión e vontade: *¿A ti que?, A la mar me voy, Ahl queda eso, Ahora mismo, Aquí está, Aquí estoy, Contra el viento y marea, Es mto, Furia, Furia, Furia de mar, Imperator, La Victoria, Los mejores, lucharemos, Nada igual, Ni tú ni yo, No quiero nada, No se presta, Para que se callen, Porque si, Xa está, Xa verás, Ya está visto, Ya verás, Yo soy la mar, Aquí está, A mi aire, Así soy, Como sea dos, Hay, Muy bien, No me engañó, Que bien, Somos tres, Son o mellor, Soy, Soy así, Soy del mar, Todo está ben, Yo solo, Somos muchos, Por fin.* Paradoxicamente, moitas destas denominacións que infunden temos e agresividade, como *Terror, Terror de los mares, Resolución, Rey de los mares*, correspóndense con embarcacións menores, feito que pon de manifesto, unha vez máis, o humor dos marifeiros galegos á hora de pórllle nome ás embarcacións.
- Imperativos: *Axúdame, Cala a boca, Cállate la boca, Corre que te pillo, Deixa falar, Déjame en paz, Deixa andar, Deixa ver, Deixar paso, Déjalos que hablen,*



*Naonimia galega. Denominación dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876*

*Mira e cala, Mira para min, Mtrala, Mtrame ben, Mtrame dous, Mirar y no hablar de mi, No hablar de ml, No habléis de mi, No me estorbes, No me tires xiba, No me toques, No mires, No te rías, Non me mires.*

- Inquisitivos: *Que miras, Que te importa, A donde vas, Por quien preguntas, Que dices, Que dirán de mi, Que lle miras, Que pueden decir, Qué me querlas, Que quereis de mi, Que quieres, Que te importa, Queres vir, Y por qué,* e con sabor clásico a célebre sentenza *Quo vadis.*

Os nomes que, directa ou indirectamente, están vinculados co mar ou coas faenas marítimas (espazos do litoral, embarcacións, artes de pesca, etc) son, loxicamente, moi abondosos; entre eles: *A Costiña, A Ribeira, Abre el mar, Ángel del Mar, Anzuelo, Arpón, Baja mar, Beiramar, Capitana, Carabela, Coral, Costa Meiga, Drákkar, El mar, El pirata, Esclava del mar, Estela, Estela matutina, Estrella del mar, Estrella do mar, Flor del mar, Home do mar, Kayak, La barca de oro, La marea, Lonja, Los mares del señor, Mar, Mar abierto, Mar Austral, Mar celeste, Mar de hielo, Mar de pesca, Mar del Sol, Mar do Verdugo, Mar Novo, Mar y Luna, Mar y Sol, Mar y cielo, Mar y Tierra, Mar y puerto, Mareira, Mareiro, Marinera, Marinero, Mariñeiro, Mirando o mar, Náutica, Naval, Ninfa de los mares, Nuevo pescador, O can da ría, Ola, Pensamiento en el mar, Perla del mar, Niña del puerto, Perla del océano, Perla del Pacífico, Perla marina, Pinta, Pinta de Colón, Pirata, Pleamar, Polveira, Pósitos, Puerto pesquero, Rasquiña, Reina de los mares, Reina del mar, Remera, Rey de los mares, Rey Mar, Ronsel, Rosa de los vientos, Singladura, Sirena del mar, Tres mares, Vista al mar, Vivo do mar.*

Hai moitos nomes que destacan pola súa comicidade, ou simplemente, por seren cando mesmo curiosos: *Adelante la legión, Aquí está el que faltaba, Aunque me pese, Barrio sin luz, Campo libre, Carabina de Ambrosio, Chasco, Fiasco, Detente Abraham, Fai polvo, Furabolos, El último remedio, Estoy de broma, Nada, O calvo, O de marras, Por Capricho, Por Deporte, Por eso, Por fin foi, Sigue la broma, Sin ayuda, Sin novedad, Sin pensar, Sin prisa, Susto, Telesforito, Tormento, Yapeyu.* Tamén con gran sentido irónico ou humorístico (e cun cariz galego de seu), que parecen ter a súa orixe en vivencias concretas da realidade e que actúan coma se tratasen de mensaxes dirixidas a unha persoa do medio, son expresións do tipo: *Al o tedes, Aquí se ve, Dille que si, Esta si que vale, Hay que ver, Ya me ves, Ni más ni menos, No hay otra, Si la hay, No me digas, Para que veas, Vamos a ver, Vamos indo, Vamos tirando, Vou tirando, Xa, Xo verds, Xa cho direi, Xa era tempo, Xa está ben, Xa me pillaron, Xastá.* Outros nomes que tamén teñen unha raizame fundamente galega son: *Aturuxo, Cantiño, Curupelas, Curuto dos, Enxebre, Feixe, Lagar, Meiga, Costa Meiga, Queimada, Pelouriño, Charrasqueira,* etc; de aí que moitas veces forman parte do rexistro dialectal da fala, como *Borraxeiro* (por Borraxeira), *Petouco* (por Petouca), *Poucha* (por Pouchas), *Chalña* (por Chaiñas), *Gatuxiña* (por Garatuxeira).

En moitos destes nomes, debido probablemente ó feito de estaren ligados ó ámbito popular, percíbese un intento de reproducir a oralidade; de aí a abundancia

Isabel Acea Méndez

de vulgarismos, na ortografía (cambios de graffas, erros de acentuación), fonética (alteracións do vocalismo átono, fenómenos de adición e supresión, seseo, palatalizacións, despalatalizacións, crases) ou léxico (castelanismos disfrazados, dialectalismos propios das áreas de procedencia dos propietarios destas pequenas embarcacións). No plano fonético atópanse exemplos de nomes con seseo como *Arrods* e *Viscaya*; palatalizacións en *Xarabia* e *Xirtn*; despalatalizacións en *Soubiña*; peche da vogal postónica en *Arau*; crase de vogais en *Xo verá*, *Xastá* ou *Vadarkablar*. No plano ortográfico dáse a substitución de <b> por <v> en *Ti bes*, *Bouche ahl*, *Arco da Bella* e *Vilanoba*; de <v> por <b> en *Ven se mira*; aférese do <h> en *He da casa*; ausencia de acento na forma verbal en *E asi*, *E o que hay*; xogos humorísticos con graffas estranxeirizantes como en *Ali-Kates* ou *Vadarkablar*. En canto ó léxico destacan os castelanismos disfrazados como *Conexo*, os vulgarismos dialectais como *Gavota* (con síncope da vogal interior), ou as voces puramente dialectais vinculadas á fala propia de determinadas zonas do litoral galego, sobre todo das Rías Baixas, zona de procedencia da maioría dos armadores, como *Chacha*, *Chula* ou *Cho*.

Como conclusión, pódese afirmar que fronte á abundancia de nomes piadosos na Idade Media, co paso ós tempos modernos prodúcese un fenómeno de «laicización» na naonimia galega. Os nomes que tradicionalmente se puñan «por rutina», agora pónense «por obrigación» e «por gusto», de aí a orixinalidade que caracteriza os nomes dos barcos na actualidade. Cada vez cobra maior importancia o elemento persoal e afectivo á hora de escoller un nome, como se percibe sobre todo nas embarcacións menores de pesca artesanal fronte ós grandes buques que se caracterizan, na súa maioría, por constituíren nomes corporativos con fins de identificación. Con todo, a presenza do galego é relativamente escasa e moitas veces se rextrínxe ó ámbito coloquial ou dialectal. Aínda que este estudo se cingue ó ámbito pesqueiro do porto de Vigo, estas tendencias poden extrapolarse a calquera outro punto do litoral galego, e non só galego.

*Naonimia galega. Denominación dos barcos de pesca rexistrados en Vigo desde 1876*

## BIBLIOGRAFÍA

- Lista oficial de buques* (2000). Subsecretaría de la Marina Mercante.
- Lista oficial de buques* (2001). Subsecretaría de la Marina Mercante.
- La flota española de buques* (2000). Fondo Editorial Ingeniería Naval.
- Censo actualizado de buques del Caladero Nacional* (1996). BOE 18/10/1996.
- Censo actualizado de buques del Caladero Nacional* (2002). BOE 10/5/2002.
- Censo da flota pesqueira galega* (1988). Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura da Xunta de Galicia.
- Memoria anual del puerto de Vigo* (2001). Vigo: Autoridad Portuaria de Vigo.
- Alonso Romero, F. (1996). *Crenzas e tradicións dos Pescadores galegos, británicos e bretóns*. Santiago: Xunta de Galicia.
- Armas Castro, José (1992). *Pontevedra en los siglos XII a XV. Configuración y desarrollo de una villa marinera en la Galicia medieval*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Baza, conde de Fenosa.
- Daremborg, Ch.-Saglio, Edm. (1963). *Dictionnaire des antiquités grecques et romaines*. Graz: Akademische Druck-u. Verlagsanstalt.
- Eiroa del Río, Francisco (1997). *Historia y desarrollo de la pesca de arrastre en Galicia*. A Coruña: Edit. Diputación Provincial de A Coruña.
- Fernandez Casanova, Carmen (coord.) (1998). *Historia da pesca en Galicia*. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións.
- Ferreira Priegue, Elisa M<sup>a</sup> (1984). *Fuentes para la exportación gallega de la segunda mitad del siglo XV: el peatge de mar de Valencia*. Santiago: Secretariado de Publicaciones de USC.
- Ferreira Priegue, Elisa M<sup>a</sup> (1988). *Galicia en el comercio marítimo medieval*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Ferreira Priegue, Elisa M<sup>a</sup> (1998). «El patrón Santiago. Aproximación a la onomástica de los buques», in *Actas del II Congreso Internacional de Estudios Jacobeos*, vol II, 41-54. Santiago: Xerencia de Promoción do Camiño de Santiago.
- Filgueira Valverde, J.F. (1946). *Arquivo de mareantes*. Pontevedra.
- Garrido Rodríguez, Jaime (2001). *El puerto de Vigo. Síntesis histórica*. Vigo: Autoridad Portuaria.
- Giráldez Rivero, J. (1996). *Crecedimiento y transformación del sector pesquero gallego (1880-1936)*. Madrid: Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- Gómez Giráldez, F.J. (1987). *Estudio del sector pesquero galego*. Santiago: CaixaGalicia.

Isabel Acea Méndez

---

- Massó y García Figueroa, J.M. (1982). *Barcos en Galicia de la Prehistoria hasta hoy y del Miño al Finisterre*. Pontevedra.
- Recio M. Mirella, Romero (1998): *Cultos marítimos y religiosidad de navegantes en el mundo griego antiguo*. Madrid: Universidad Complutense de Madrid.
- Romaní, A. (1981). *La pesca de bajura en Galicia*. Sada: Edicións do Castro.
- Sampedro, Casto (1869-1904). *Documentos, inscripciones y monumentos para la historia de Pontevedra*. Pontevedra.

#### NOTAS

1. S (Mareantes, 15), Museo Histórico Provincial de Pontevedra.
2. leg 69 A (76), Arquivo Municipal de Pontevedra (listado de barcos do arsenal de Pontevedra, 1591-1517).
3. Ferreira (1988:226-131; os nomes están en castelán repectando a opción da autora de adaptalos a esta lingua); leg. 48 (15), Arquivo do Museo Municipal de Pontevedra: (tomo II, *Vida municipal, vida marítima*, 1522-1567).
4. S (Mareantes) 308, Museo Histórico Provincial de Pontevedra (Arquivo do gremio de mareantes, 22/9/1808).